



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 29 DE MAIO DE 2012

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia D.^a Natalia Álvarez Lata, Manuel Ángel Graña, Jorge Quintas Villar, Jesús Miguel Muñoz Cantero, Francisco Alonso Tajés e Sergio Santos del Riego.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para a realización da sesión, o reitor dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O reitor abre o seu informe dando conta da reunión do Claustro do pasado 15 de maio, en que, entre outros puntos, se aprobou por unanimidade unha declaración institucional en defensa da universidade pública, con motivo do Real decreto-lei 14/2012, do 20 de abril.

Tamén comenta o acontecido no Consejo de Universidades que tivo lugar o pasado 23 de maio en Madrid. Tras o plante dos reitores polo incumprimento do regulamento por parte do Ministerio, este vén de convocar de novo Consejo de Universidades ordinario para o vindeiro venres día 1 de xuño. Tamén manifestou o Ministerio a súa intención de convocar para a próxima semana un novo Consejo, este de carácter extraordinario, destinado a analizar a aplicación do Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, cuxa validación publicou o BOE n.º 125, do pasado venres día 25 de maio.

A continuación, cédelle a palabra ao secretario xeral, que dá conta do cesamento por petición propia do letrado Francisco Requejo, e o nomeamento de Cristina Castroviejo Ojea como letrada da Universidade. Agradécenselle expresamente os servizos prestados a Francisco Requejo na defensa contenciosa da institución.

Toma a palabra o vicerreitor de Investigación e Transferencia, para informar das actividades do seu ramo.



Con data 30 de abril de 2012 publicáronse as convocatorias dos programas de innovación “Innova Saúde” e “Hospital 2050” (H2050). Estes programas constan de 23 subproxectos cunha dotación de máis de 90 millóns de euros e cunha altísima presenza de contidos de tecnoloxías da información e das comunicación. A convocatoria estrutúrase en varias fases: proposta de ideas relacionadas cos distintos subproxectos, redacción dos pregos de condicións dos distintos subproxectos e convocatoria de propostas propiamente ditas. Un instrumento novidoso destes programas é o da “compra pública innovadora”. O 23 de maio de 2012 houbo unha xornada técnica informativa, en relación con estes programas, desenvolvida na Consellería de Sanidade. A UDC, sobre todo desde o CITIC, está a traballar na proposta de ideas para esta convocatoria de cara á posterior participación en consorcios que concorran aos distintos subproxectos.

O 2 de maio de 2012 publicouse a convocatoria do procedemento de avaliación dos grupos de investigación do catálogo da UDC. O 16 de maio de 2012 rematou o prazo para que os grupos envíen a documentación para a avaliación. En próximas datas publicarase a lista de solicitudes entregadas con información sobre a documentación que falte, se a houber, e comezará a avaliación por parte da ANEP, que se calcula rematará no mes de xullo.

O 4 de maio de 2012 rematou o prazo para a remisión de declaracións de intencións de cara ás propostas de programas de doutoramento para o curso 2013-2014. Estes programas deben verificarse segundo a normativa da Xunta de Galicia. A listaxe de propostas recibidas publicouse na web da UDC o 15 de maio de 2012. Presentáronse declaracións correspondentes a 34 programas. Nestas datas estanse a manter reunións nos casos de propostas que puideren presentar problemas de cara á verificación. Nas próximas horas publicarase na web da UDC diversa documentación que axudará aos proponentes a redactar a documentación para o proceso de verificación, así como as recomendacións que se están a elaborar por parte da Xunta de Galicia. Os fitos no calendario de propostas publicado a principios de abril (véxase a páxina web da UDC) adiáronse un par de semanas co obxecto de poder levar a cabo o traballo dun xeito máis ordenado.

O 10 de maio de 2012 os vicerreitores de Investigación das tres universidades do SUG reuníronse co secretario xeral de Universidades e coa subdirectora xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica para tratar diversos aspectos de programas de investigación da Xunta de Galicia: contratos predoutorais, contratos posdoutorais de primeira etapa (posdoc1, antigo programa Ángeles Alvariño) e o programa de consolidación. O



vice-reitor resume os seus aspectos máis salientables. En relación coa convocatoria de consolidación, en conversas mantidas coa subdirección xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica, manifestouse a intención de reinterpretar a data de 1 de xaneiro de 2012, á que as universidades han de certificar a composición dos grupos de investigación.

O 10 de maio de 2012 publicouse a convocatoria de axudas para bolsas e contratos de Formación de Profesorado Universitario (FPU) do Programa Nacional de Formación de Recursos Humanos de Investigación. O 22 de maio de 2012 publicouse unha modificación da convocatoria, para permitir que opten a esta convocatoria os candidatos que aínda no posúan a titulación requirida na data da convocatoria pero que a posúan ao remate do curso académico 2011-2012, que poidan presentar, no caso de seren preseleccionados, a matrícula na fase de investigación nun programa de doutoramento ao inicio do curso 2012-2013.

O 24 de maio de 2012 publicáronse na web da UDC as convocatorias de pertenza e cesión de espazos para grupos de investigación da UDC para o CICA e a ampliación do CIT. Unha novidade destas convocatorias en relación coas precedentes é o feito de que un grupo poida pertencer a un destes centros de investigación sen ocupar espazos nel.

A OTRI, a través da súa Unidade de Apoio a Proxectos Europeos de I+D, xunto coa Oficina Europea do Ministerio de Economía e Competitividade, organizan a Xornada Informativa sobre Accións Marie Curie que terá lugar o próximo día 6 de xuño, no Salón de Graos da Facultade de Economía e Empresa (campus de Elviña). O obxectivo desta xornada é indicar as oportunidades de financiamento do programa PEOPLE do 7.º Programa Cadro (Accións Marie Curie) e as novidades do programa de traballo 2013 e Horizon 2020. Esta xornada está dirixida a estudantes de doutoramento, mestrado ou dos últimos anos de grao e ao persoal investigador e toda a comunidade universitaria de Galicia.

Tamén, co obxectivo de dar unha ampla panorámica das oportunidades deste programa para os investigadores do sistema público galego, de forma complementaria, o día 7 de xuño, a Oficina de Programas Internacionais de I+D+i (OPIDI), organiza o taller Accións Marie Curie Para Pemes: Como escribir unha ITN (*Initial Training Networks*) e unha IAPP (*Industry Academia Partnerships and Pathways*) exitosa, que terá lugar no CIS Galicia, en Ferrol. Trátase dun taller eminentemente práctico onde se tratarán as cuestións máis relevantes para a preparación de propostas



exitosas de ITN e IAPP. Tamén cabe a posibilidade de concertar entrevistas para revisión de propostas.

Nestas datas estanlles a remitir aos investigadores principais, por parte do MINECO, a documentación para avaliar os perfís dos candidatos ás bolsas-contratos FPI, para aqueles proxectos, concedidos en 2011, que teñen unha destas prazas asociadas (no caso da UDC son 5 proxectos).

Recentemente publicouse a 3.^a convocatoria do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP). O prazo de presentación das solicitudes é do 24 de abril ata o 25 de xuño de 2012. Unha importante novidade en 2012 é que cada institución non pode participar en máis dunha proposta. Como consecuencia, a Comisión de Investigación terá que priorizar as tres propostas recibidas, na preconvocatoria interna que se fixo na UDC nas última semanas, co obxecto de decidir con que proposta se presenta a UDC. Unha complicación adicional é que nestas propostas participan outras universidades (como a USC e a UVigo) que tamén terán que priorizar as propostas en que elas participan. En relación con isto, as tres universidades, nun escrito conxunto, solicitaron que se aumente o número de propostas en que poden participar as universidades.

Tras a anterior exposición, o reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, quen informa sobre a exitosa implementación, desde o 1 de maio, da nova aplicación informática de Rexistro Xeral. Hai xa unha proba piloto para trasladar a aplicación informática do Rexistro Xeral aos rexistros auxiliares dos centros e departamentos. Tamén informa o vicerreitor sobre unha recente reunión na Secretaría Xeral de Universidades, onde se puxo de manifesto a apertura do proceso de acreditación dos mestrados para o vindeiro curso académico, indicando que en xuño hai que comezar co traballo de acreditación perante a ACSUG. Nesa mesma reunión na Secretaría Xeral de Universidades, a Xunta presentou un borrador de instrucións para aplicar o Decreto de titulacións, sobre o que se está a traballar na actualidade.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas informa que desde o anterior pleno ordinario tivo lugar unha reunión da Comisión de Asuntos Económicos deste Consello de Goberno o 23 de maio. Nela a Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas informou da imputación ao exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores por un total de 415.883,78€, correspondentes aos informes do Servizo de Intervención 9 e 10, de datas 25 de abril e 22 de maio.



Así mesmo, a Comisión aprobou a validación de expedientes de gasto por un valor total de 176.799,87 €, €correspondentes ao informe C-0004-12 do Servizo de Intervención do 22.05.2012.

Tamén informa de que o 15 de maio foi enviado á Consellaría de Facenda o Plan de reequilibrio 2012-2014, solicitado pola Xunta. O documento enviado pola UDC inclúe os axustes xa previstos no orzamento aprobado por este Consello de Goberno o 26 de abril. A última hora de onte, recibíronse algunhas suxestións sobre o documento enviado, que aínda non puideron ser analizadas en profundidade por esta vicerreitoría.

Toma a palabra a vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura, para informar de que a UDC estivo presente nas feiras EDUGAL en Pontevedra do 12 ao 14 de abril e na MOSTRA DO ENSINO, na Coruña; contando coas vixésimas xornadas de orientación universitaria e profesional e as sesións informativas realizadas en diversos centros de ensino medio nas catro provincias da Comunidade Autónoma, chegouse a preto de dez mil posibles futuros estudantes. Respecto das políticas activas de inserción profesional, informa de que as solicitudes de bolsas para a realización de prácticas profesionais baixo o programa SANTANDER CRUE CEPYME sumaron setecentas oitenta e dúas, para un total de corenta e seis postos.

As actividades deportivas ao longo de abril e maio centráronse nos Campionatos Universitarios de España. O número de deportistas da UDC que participaron en 15 das 22 modalidades organizadas polo Consejo Superior de Deportes, foi superior aos cen, o que representa unha participación do 68%, unha das máis altas do Estado. Nas modalidades colectivas, a UDC clasificouse para as fases interzonais en fútbol 7 feminino, fútbol sala feminino e rugby 7 feminino, aínda que quedou fóra das medallas na fase interzonal. Nas modalidades individuais, a UDC participou en atletismo, bádminton, campo a través, karate, orientación, pádel, golf, tenis de mesa, taekwondo, triatlón, volei-praia e natación e acadou 6 medallas: 3 de ouro en taekwondo, xavelina e braza; e 4 de bronce en taekwondo, volei-praia, atletismo e braza media.

O Campus Mauro Silva celebrouse do 2 ao 4 de abril e contou coa participación de cento setenta e cinco nenos e nenas de entre 4 e 12 anos.

En canto ás actividades culturais desenvolvidas, neste mes de maio tivo lugar a celebración entre o 26 e o 31 da XIX edición do Festival Internacional de Teatro, integrando como novidade unha actuación da Aula de Teatro no Centro Penitenciario de Teixeiro, en colaboración coa Oficina de Cooperación e Voluntariado de Ferrol e un ciclo de cinema paralelo ao



festival co obxectivo de que as artes escénicas dialoguen con outras linguaxes. Hai que salientar tamén a alta participación na Aula de Danza que se integra neste festival. Na primeira quincena de maio, do 2 ata o 17, ESPAZO IXOR ofreceu as prestacións do Ensemble IXOR, agrupación formada polo alumnado do Taller de Interpretación de Música Clásica Contemporánea do Conservatorio Superior de Música da Coruña. Así mesmo, menciona o éxito do curso de 50 horas Flamenco en Rede, en colaboración coas universidades andaluzas. E para rematar, lembra que o día 25 rematou o prazo de inscrición dos nenos e das nenas nos campamentos de verán.

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social informa da convocatoria dos premios de investigación de Ferrol: Concepción Arenal e González Llanos. Dá conta da realización das xornadas do servizo de ARI. A empresa de seguridade do campus de Esteiro puxo en funcionamento un coche eléctrico para patrullar neste campus.

Na súa quenda de informe, o xerente dá conta da carga do orzamento o pasado xoves día 24 de maio, indicando que están xa totalmente abertas as aplicacións orzamentarias para a súa xestión. Informa, por último, das tomas de posesión dos dous técnicos de normalización lingüística, dos nove técnicos especialistas do grupo II da escala de informáticos e que está a piques de rematar o proceso selectivo para a cobertura das catro prazas de condutores, así como tamén a promoción da escala administrativa (C2 a C1).

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 26 de abril

Tras a lectura da acta, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, apróbase por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión nun convenio marco (1), nove convenios específicos (9) e corenta e seis convenios para prácticas (46) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.



A listaxe apróbbase por asentimento.

4. Proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado

O vicerreitor de Profesorado expón que se trata de tres prazas de profesor contratado doutor, para cubrir docencia na Área de Linguaxe e Sistemas Informáticos e Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial (dúas prazas) e Física Aplicada, en aplicación da promoción pactada no convenio colectivo de PDI laboral. Todas teñen informe favorable da COAP e da mesa sindical.

Apróbanse por asentimento, segundo figuran no **anexo IV**.

5. Proposta de convocatoria de prazas de PDI funcionario e aprobación de tribunais

Trátase de cinco prazas de profesor titular de universidade (dúas para as áreas de Química Orgánica, unha para a Área de Historia e Institucións Económicas, unha de Biblioteconomía e Documentación e outra de Matemática Aplicada), que resultan do cumprimento do programa de promoción dos contratados doutores que se acreditaron, e que contan co informe favorable da COAP e da mesa sindical.

Tamén se inclúe no punto a preceptiva aprobación dos tribunais para a valoración dos correspondentes procesos selectivos.

Apróbanse por asentimento, segundo figuran nos **anexos V e VI** respectivamente.

6. Proposta de modificación das reducións por cargo académico no POD

O vicerreitor de Profesorado propón engadir as seguintes reducións docentes na normativa de Reducións por cargo académico no POD que foi aprobada no Consello de Goberno na súa sesión do 3 de abril de 2008 e modificado no Consello de Goberno do 12/05/2009:

| | |
|-----------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Director/a da Escola de Doutoramento | Redución equivalente a director/a, decano/a de centro Redución da metade das actividades docentes |
| Representante da UDC no Comité Directivo do Campus do Mar | Redución equivalente a director/a, decano/a de centro Redución da metade das actividades docentes |



| | |
|------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Responsable de Análise e Xestión de Datos | Redución equivalente a director/a de departamento Redución dun terzo das actividades docentes. |
| Secretario/a e Coordinadores/as do Centro de Linguas | 80 horas en total para o equipo do Centro de Linguas distribuídas polo director/a do centro. |

Xosé Portela indica que a denominación do responsable da análise e xestión de datos non parece académico. O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías replica que é unha persoa con perfil académico, que foi solicitada polo propio persoal do SEINFE para poder afinar a calidade dos datos desde o punto de vista estatístico. Anuncia o seu voto en contra.

O reitor indica tamén que a calidade dos datos estatísticos é cada vez máis importante en todos os procesos de avaliación da docencia e da investigación, e mesmo no financiamento, polo que considera moi importante afinar o noso coñecemento estatístico e a súa comparabilidade coas restantes institucións universitarias.

Apróbase co voto en contra de Xosé Portela e Manuela Pinazas, segundo figura no **anexo VII**.

7. Proposta de concesión de anos sabáticos para o curso 2012-2013

O vicerreitor de Profesorado propón a aceptación das solicitudes de ano sabático achegadas polos profesores da Facultade de Filoloxía, Celso Alvarez Cáccamo, Luís Caparrós Esperante, Alan Floyd Moore, María Pilar García Negro e Diego López de Lera (Facultade de Socioloxía). A solicitude de Luciano Rodríguez Gómez conta con informe desfavorable da COAP, e a de Arturo Franco Taboado chegou fóra de prazo, polo que non se tramita a súa aprobación polo Consello de Goberno.

Apróbase a proposta por asentimento, segundo figura no **anexo VIII**.

8. Licenzas

O vicerreitor expón as solicitudes de licenza superior a tres meses, presentadas polas profesoras Laura Castro Santos (Área de Construcións Navais) Inmaculada García Presas (Área de Dereito Civil) para dúas estadias, respectivamente, no Laboratorio Nacional de Enerxía e Geoloxía de Lisboa (do 1 de xuño ao 30 de setembro) e na universidade de Coimbra (do 1 de xuño ao 8 de setembro).



Por asentimento, apróbase a concesión das devanditas licenzas, segundo figura no **anexo IX**.

9. Proposta de norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na Universidade da Coruña

O vicerreitor de Titulacións expón que a nova regulación dos ensinos universitarios oficiais prevé a posibilidade de establecer unha maior diversidade na planificación docente co obxecto de ofrecer un servizo público que dea resposta aos diferentes tipos de persoas que decidan desenvolver estudos universitarios.

O artigo 46.2, apartado k) da Lei orgánica 6/2001, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, establece que os estudantes teñen dereito a unha atención que facilite compaxinar os estudos coa súa actividade laboral. O Estatuto do estudante universitario, aprobado por Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, determina no seu artigo 7.2, que as administracións públicas con competencias en materia universitaria e as universidades establecerán, dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias, as medidas que sexan necesarias para que os estudantes a tempo parcial poidan exercer os dereitos a que se refire o apartado 1 do citado precepto, engadindo a continuación que, para estes efectos, os estudantes que o desexen solicitarán o recoñecemento de estudante a tempo parcial á súa universidade, que procederá a identificar esta condición.

Así mesmo, o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, no apartado 1.4 do anexo I, relativo á memoria para a solicitude de verificación dos títulos oficiais, determina que deberá incluírse na citada memoria o número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante e período lectivo e, de ser o caso, as normas de permanencia. Engadindo que os requisitos expostos neste apartado poden permitir aos estudantes cursar estudos a tempo parcial e deben atender a cuestións derivadas da existencia de necesidades educativas especiais.

Ante estas normas, o vicerreitor propón un regulamento para establecer as condicións e considerar os efectos que puidesen derivarse do recoñecemento do réxime de dedicación a tempo parcial dos seus estudantes de grao.

Ademais, explica unha serie de propostas para mellorar o texto, que somete á aprobación do Consello de Goberno: redución a 90 días dos contratos que



dan lugar á dedicación parcial; estar matriculado de xeito simultáneo noutros centros superiores alleos á UDC; actuar como representante dos cidadáns ou membro electo nalgunha Administración pública (concelleiros, deputados); publicidade institucional da matrícula (disposición adicional). Disposición transitoria para que aquelas titulacións en cuxa memoria figura a necesidade de cursar 30 créditos obrigatorios poidan acollerse a este regulamento mentres non se fagan modificación nas memorias.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que se solicitan aclaracións ao texto da norma os profesores Casteleiro, María Luisa Sánchez Simón, Rosa Meijide, Ramón Fernández Cervantes e Ana Iglesias, en especial sobre as discapacidades ou doenzas que dan lugar ao dereito de cursar estudos a tempo parcial, e sobre a flexibilización da asistencia obrigatoria.

O profesor Ramón Fernández Cervantes pregunta sobre a contradición que supón o dereito estatutario de non asistir ás aulas e ir a un exame final e a obriga da avaliación continua. Revisados os Estatutos, non se atopa este ítem entre os dereitos do estudantado, polo que o vicerreitor remite á importancia das guías das materias para fixar o sistema de avaliación das materias.

Tras o debate, apróbanse por asentimento, segundo figura no **anexo X**.

10. Designación de representantes da UDC no Padroado da FUAC

O reitor cédelle a palabra ao secretario xeral, quen expón que se trata de formalizar a proposta de nomeamento dos representantes da Universidade no Padroado da Fundación Universidade da Coruña, en que, de conformidade co artigo 15 dos seus Estatutos, temos unha representación do 25% dos seus membros, designados polo Consello de Goberno.

Os sete membros propostos son:

Xosé Luís Armesto Barbeito
Carlos Alberto Amoedo Souto
Ricardo Cao Abad
Julio Abalde Alonso
Amalia Blanco Louro
Juan Díaz Villoslada
José María Barja Pérez

Apróbase por asentimento.



11. Resolución da convocatoria de ciclos e xornadas, cursos de verán, e actividades estudiantís

A vicerreitora expón que se traen estas resolucións por non se acadar o quórum na Comisión Delegada do Consello de Goberno. A vicerreitora expón que non hai ningunha incidencia particular no caso das convocatorias de cursos de verán, ciclos e xornadas e que se corresponden as propostas cos cadros que se achegan como anexo a esta acta. No caso das axudas á actividades estudiantís, a proposta recolle a denegación da axuda para a asociación Albatros, por carecer de evidencias de que se realizasen as actividades correspondentes ao ano 2011.

Apróbanse as resolucións por asentimento do Consello de Goberno, segundo figuran no **anexo XI**.

12. Quenda aberta de intervencións

O reitor dálle a palabra ao profesor Manuel Casteleiro, quen pregunta sobre a dispoñibilidade dos créditos iniciais do orzamento. O xerente aclara que están dispoñibles totalmente as aplicacións orzamentarias desde o xoves da semana pasada.

Amelia Fraga, representante de estudantes (IESGA) agradece á Vicerreitoría de Títulos a súa dispoñibilidade para negociar o regulamento de estudos a tempo parcial. Tamén di que un compañeiro lle trasladou unha queixa sobre a excesiva velocidade dos coches en Elviña. A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas di que lle trasladarán ao Concello, estas queixas. O reitor aclara que xa se lle trasladou ao Concello o incremento de tráfico que se produciu nos últimos tempos, situación da que o Concello é consciente.

A profesora María Jesús Manso pregunta ao vicerreitor de Títulos sobre límite de convocatorias nos graos. O vicerreitor aclara que o límite de 6 convocatorias está nas normas de matrícula, con dúas oportunidades en cada ano.

Rosa Meijide pregunta sobre os convenios de prácticas extracurriculares, e a súa distinción respecto dos convenios de cooperación educativa, a que lle contesta o secretario xeral.



Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:11 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito